

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2022, conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se adjudican as axudas correspondentes á Orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento ED481B e IN606B).

A Orde do 31 de decembro de 2021 (DOG núm. 20, do 31 de xaneiro de 2022), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, establece as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022 das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema de I+D+i galego, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

O obxecto desta convocatoria é outorgar axudas ás universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia, que contraten persoas tituladas superiores que obtiveron recentemente o título de doutoras para a súa formación nos seus centros, unidades ou departamentos, e permitir a mellora das súas capacidades mediante estadías de investigación posdoutoral no estranxeiro.

No artigo 2.1 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e, no artigo 2.2, os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas.

De acordo co establecido no artigo 10 desta convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes, publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formular reclamacións e para



emendar erros e a falta de documentos das persoas interesadas ante a Axencia Galega de Innovación. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación, o 6 de abril de 2022 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

As solicitudes foron ponderadas por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do sistema de I+D+i galego, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 7 da convocatoria e segundo o baremo que se indica no seu anexo I.

O resultado desta avaliación entregóuselle á Comisión de Selección definida no artigo 12 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para os órganos instrutores no cal figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e a lista de agarda para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e á persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación, de acordo co artigo 13 da convocatoria.

A Resolución parcial do 12 de xullo de 2022 adxudicou as axudas desta convocatoria correspondentes á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Por este motivo, esta nova resolución parcial, correspondente á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, supón que se resollen a totalidade das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2021.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 13 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polo órgano instrutor a partir do informe da Comisión de Selección, reunida o día 27 de xuño de 2022, a través da Axencia Galega de Innovación,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2021 ás entidades que figuran no punto quinto desta resolución, que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo desta, no cal se reflicten tamén as solicitudes das persoas investigadoras que obteñen a condición de bolseiras Fulbright.



Segundo. No ámbito instruído pola Axencia Galega de Innovación non se establece unha lista de agarda, xa que todas as solicitudes que obtiveron unha puntuación igual ou superior á mínima establecida no artigo 11.2 da convocatoria figuran no anexo desta resolución.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran no anexo desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o día 1 de setembro de 2022, agás para as persoas non comunitarias, que poderán asinar o contrato ata o 30 de decembro de 2022.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamentos recollida no artigo 19 das bases da convocatoria.

Entidades beneficiarias: 8 axudas.

Aplicación orzamentaria	Entidade	Núm. de axudas	Crédito (en euros)			
			2022	2023	2024	2025
06.A2.561A.403.0	Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC	1	18.166,67	51.500,00	45.500,00	21.333,33
06.A2.561A.403.0	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	1	16.666,67	48.500,00	33.500,00	21.333,33
06.A2.561A.443.19	Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2	24.333,34	84.500,00	79.500,00	42.666,66
06.A2.561A.481.0	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	1	12.166,67	36.500,00	45.500,00	30.333,33
06.A2.561A.481.0	Fundación Profesor Novoa Santos	3	36.500,01	118.500,00	166.500,00	63.999,99
Total		8	107.833,36	339.500,00	370.500,00	179.666,64

Sexto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Axencia Galega de Innovación, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.



Sétimo. O artigo 19 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e das demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 9.2.2021)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da
Consellería de Cultura, Educación, Formación
Profesional e Universidades

Francisco Conde López
Vicepresidente primeiro e conselleiro
de Economía, Industria e Innovación e
presidente da Axencia Galega
de Innovación





ANEXO

Axudas concedidas

Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC.

Nº exp.	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Bolsa Fulbright	1ª estadia		2ª estadia	
							Datas	Zona	Datas	Zona
IN606B-2022/013	Incipit-CSIC	Reggio	-	Daniela	Artes e humanidades	Non	1.9.2022-30.8.2024	2	-	-

Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC.

Nº exp.	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Bolsa Fulbright	1ª estadia		2ª estadia	
							Datas	Zona	Datas	Zona
IN606B-2022/004	IIM-CSIC	García	Fernández	Cristina	Ciencias	Non	1.10.2022-31.10.2023	2	-	-

Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

Nº exp.	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Bolsa Fulbright	1ª estadia		2ª estadia	
							Datas	Zona	Datas	Zona
IN606B-202/005	FCTC	Agregán	Pérez	Rubén	Ciencias	Non	1.6.2023-31.5.2024	2	-	-
IN606B-2022/006	FCTC	Echegaray	Suárez	Noemí	Ciencias	Non	1.6.2023-31.5.2024	1	-	-



Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela.

Nº exp.	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Bolsa Fulbright	1ª estadía		2ª estadía	
							Datas	Zona	Datas	Zona
IN606B-2022/007	FIDIS	Rapado	González	Óscar	Ciencias da Saúde	Non	1.10.2023-30.9.2024	1	01.10.2024-30.09.2025	1

Fundación Profesor Novoa Santos.

Nº exp.	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Bolsa Fulbright	1ª estadía		2ª estadía	
							Datas	Zona	Datas	Zona
IN606B-2022/012	FPNS	Escuder	Rodríguez	Juan José	Ciencias da Saúde	Si	1.1.2024-31.12.2024	3	-	-
IN606B-2022/002	FPNS	Varela	Vázquez	Adrián	Ciencias da Saúde	Non	1.1.2023-31.12.2024	2	-	-
IN606B-2022/009	FPNS	Vázquez	Ucha	Juan Carlos	Ciencias da Saúde	Non	1.1.2024-31.12.2024	2	-	-